



NUMAX PRESENTA:

57 | SETTEMBRO 2022



Librería

Reentrada literaria na librería NUMAX!

Achégate a
descubrir as
novidades que nos
trae setembro



Ex-Céntricas
Anxela Lema/
Sara Villar

13,00€ | EDICIÓNS FETICHE



Iliada
Homero

32,90€ | BLACKIE BOOKS



Outoño aquí
Mario Regueira

10,00€ | MENINO MORREU



**Aprender a falar
coas plantas**
Marta Orriols

1995€ | AIRA EDITORIAL



**Proletaria
consentida**
Laura Carneros

14,90€ | CABALLO DE TROYA



**Autobiografía
del algodón**
Cristina Rivera
Garza

18,90€ | LITERATURA
RANDOM HOUSE



La familia
Sara Mesa

18,90€ | ANAGRAMA



Poco hombre
Pedro Lemebel

22,95€ | LAS AFUERAS



Stoner
John Williams

21,00€ | RINOCERONTE



Ahora y entonces
Jamaica Kincaid

19,90€ | LUMEN



Bessie Smith
Jackie Kay

20,90€ | ALPHA DECAY



**La sala de los
espejos**
Liv Strömquist

19,90€ | RESERVOIR BOOKS




**A materialidade
das fillas de
Lupa**
Inma Otero

19,95€ | EDICIÓNS XERAIS




**Mundos
alternos**
Joanna Russ

21,95€ | ALMADIA



**Diarios y
cuadernos**
Patricia Highsmith

34,90€ | ANAGRAMA



**Lagarta,
Lagarta!**
Elvira Ribeiro -
Sofia Venzel

15,20€ | EDITORIAL GALAXIA



XOVES 1 DE SETEMBRO ÁS 20:30H

Presentación de *Roxe de sebes*, de Ignacio Castro

Coa presenza do autor acompañado de docente
e xeógrafo **Xosé M. Santos Solla**



XOVES 15 DE SETEMBRO ÁS 20:30H

Presentación de *Avelaiñas eléctricas* de Sica Romero

Coa presenza da autora acompañada de **Vanessa Rodríguez**,
editora de *nêspira*, e **Ángel Suanzes**, xornalista e escritor.



É UN FALAR

A oralidade na escrita

3

**PALABRAS
TOMADAS:
CELSO
F. SANMARTÍN /
FRUELA
FERNÁNDEZ**

Mércores 21 /09 | 20.30h
Librería NUMAX



NUMAX

www.numax.org

Co apoio da



**Deputación
DA CORUÑA**

Colabora



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA ILEG



Cinema



Filme do mes:

PACIFICATION

ESTREA 2 SET

Albert Serra, 165', VOSE, FR, +12

Con Benoît Magimel, Pahoah Mahagafanau

Na illa de Tahití, na Polinesia Francesa, De Roller, representante do Estado francés, é un home calculador de modales impecables. Nas recepcións oficiais e nos establecementos ilegais, non deixa de tomar o pulso a unha poboación local cuxa ira pode espertar en calquera intre. E máis aínda cando se instala un rumor: avistouse un submarino cuxa presenza fantasmal podería anunciar unha reanudación dos ensaios nucleares.

O cineasta máis radical e incorruptible do cinema español (*Honor de cavallería*, *A morte de Luís XIV*) regresa ao primeiro nivel cunha «monumental meditación sobre o patetismo dunha clase política perdida» (Manu Yáñez).

🏆 Sección Oficial Cannes 2022



IL BUCO **ESTREA 9 SET**

Michelangelo Frammartino, 93', ITA, VOSE, +7
Con Leonardo Larocca, Claudia Candusso

En agosto de 1961, os espeleólogos do florecente norte de Italia chegan a unha meseta de Calabria onde o tempo parece terse detido. Os intrusos descubren unha das covas máis profundas do mundo, o Abismo de Bifurto, baixo a mirada dun vello pastor, única testemuña do territorio virxe.

🏆 **Premio Especial do Xurado Venecia 2021**

DÚO **ESTREA 9 SET**

Meritxell Colell Aparicio, 107', ESP, VO, TP
Con Mónica García, Gonzalo Cunill

Norte de Arxentina. Carnaval. Logo dun ano no pobo coa súa nai, Mónica retoma un dúo de danza coa súa parella nunha xira polos Andes. A paisaxe, as mulleres do altiplano e a soidade do matrimonio mergullan a Mónica nunha mestura de medos, ilusións e recordos que a devolven á súa orixe.

🏆 **Mellor Dirección Zonazine Málaga 2022**



📌 Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero

MI VACÍO Y YO **ESTREA 16 SET**

Adrián Silvestre, 98', ESP, VOSE, +12
Con Raphaëlle Pérez, Alberto Díaz

Raphi é unha persoa nova, andróxina e algo naíf. Da súa Francia natal múdase a Barcelona, onde a realidade está moi lonxe de ser como a proxecta. Tras ser diagnosticada de disforia de xénero, comeza unha ardua viaxe para asumir a súa verdadeira identidade.

🏆 **Premio Especial do Xurado Málaga 2022**



OS CRIMES DO FUTURO **ESTREA 23 SET**

David Cronenberg, 107', ING, VOSE, +18
Con Viggo Mortensen, Léa Seydoux

A medida que a especie humana se adapta a unha contorna sintética, o corpo sofre novas transformacións e mutacións. Saul Tenser, célebre *performer*, mostra publicamente a metamorfose dos seus órganos. É daquela cando un grupo misterioso aparece: desexan aproveitar a súa súa para revelar a próxima etapa da evolución humana...

🏆 **Sección Oficial Cannes 2022**



i Presentación
e coloquio coa directora

918 GAU ESTREA 30 SET

Arantza Santesteban, 65', EUS, VOSE, +16

En 2007 Arantza, directora do filme, é detida e levada a prisión. Daqueles días conserva algúns recordos como as interminables voltas ao patio ou os campamentos de natación. Tras 918 noites Arantza queda en liberdade. A partir dese intre, rexistra nunha gravadora lembranzas e dúbidas que se despregan a xeito de memoria fragmentada no filme.

🏆 Premio Latexos Novos Cinemas 2021

Petís Numax



LA BARCA DEL VIENTO

ESTREA 30 SET

VV.AA., 52', VE, +6

Programa de curtametraxes que ofrece un canto á diversidade estética á vez que nos convida a viaxar a diferentes paisaxes físicas e emocionais e fainos valorar a grandeza da natureza e a necesidade de vivir en común.

Sesións Especiais



A MAMÁ E A PUTA ESTREA 16 SET

Jean Eustache, 215', FR, VOSE

Jean-Pierre Léaud, Françoise Lebrun

Alexandre é un mozo burgués que vive en París nun estado case vexetal da súa existencia: nin estuda nin traballa e apenas se interesa por algún libro ou disco en particular. O único que lle interesa son as mulleres e ademais vive a costa delas. Restauración en 4K dunha obra fundamental da historia do cinema.

**🏆 Premio FIPRESCI e Especial
do Xurado Cannes'73**

IRMA VEP ESTREA 18 SET

Olivier Assayas, 97', VOSE, FR, 1996

Con Maggie Cheung, Antoine Basler

Un director francés desexa recuperar o serial *Les Vampires de Feuillade*, pero ao non encontrar unha actriz francesa axeitada para interpretar a Irma Vep, a protagonista, decide contratar a Maggie Cheung, unha actriz asiática que non sabe palabra de francés.



Foco Márta Mészáros



i Presenta Víctor Paz Morandeira, responsable da distribuidora Lost & Found

ADOPCIÓN 4 SET

Márta Mészáros, 88', HU, VOSG, 1975

Con Kati Berek, Gyöngyvér Vigh

Kata, viúva, está entrando nos corenta sen fillos. O seu amante, casado, non desexa telos con ela. De maneira fortuíta entra na súa vida unha moza escapada dun orfanato que lle pide refuxiarse na súa casa. A relación entre ambas mulleres esperta en Kata a determinación para cambiar o que non lle gusta da súa situación vital.

🏆 Oso de Ouro Berlinale 1975



i Presentación e coloquio con Nyika Jancsó, director de fotografía do filme e fillo da directora

DIARIO PARA OS MEUS FILLOS 16 SET

Márta Mészáros, 107', HU, VOSG, 1984

Con Zsuzsa Czinkóczi, Jan Nowicki

Finais dos corenta. Juli é unha moza orfa que volve a Budapest cos seus avós tras uns anos emigrados. Acólleos a súa tía Magda, unha convencida comunista que dirixe unha prisión. Juli empeza a buscar pistas do seu pai desaparecido, arrestado pola KGB. Só un amigo de Magda, János, parece apoiala.

🏆 Gran Premio do Xurado Cannes 1984



i Presenta Dário Oliveira, director do Porto/Post/Doc

DIARIO PARA OS MEUS AMORES 20 SET

Márta Mészáros, 131', HU, VOSG, 1987

Con Zsuzsa Czinkóczi, Jan Nowicki

Inicios dos cincuenta. Juli tenta estudar cinema en Budapest, pero a súa solicitude é denegada. Vaise a Moscova cursar a carreira. Ao seu regreso, tenta acabar o seu filme de gradación, mais ten dificultades porque as autoridades competentes non o aceptan.



i Presentación e coloquio
con Xabier Erkizia

ÉCHOS / O GEMER

ÚNICO PASE 10 SET

**Eléonore Huisse e François J. Bonnet /
Xabier Erkizia, 33' + 63', VOSE**

Sesión dobre que inclúe a curtametraxe
Échos sobre a pioneira sonora Éliane
Radigue e *O gemer*, fita experimental
sobre a viaxe xeográfica e histórica
do peculiar son dos carros de bois.



A SYMPHONY OF NOISE

ÚNICO PASE 11 SET

Enrique Sánchez Lansch, 96', ING, VOSE

Viaxe pola obra e a mente do revolucionario
músico e compositor británico Matthew Her-
bert, coñecido polas súas excelentes pezas que
combinan música derivada de sons da vida
real con temas politicamente sensibles.

NUMAX NA ESCOLA 2022/2023

**EDUCACIÓN
INFANTIL,
PRIMARIA,
SECUNDARIA
E BACHARELATO**

Proxeccións educativas para infantil,
primaria, secundaria e bacharelato. Unha
proposta ampla e variada, con obras
seleccionadas e premiadas en festivais
internacionais, que agrupamos por eixos
temáticas para unha doada adaptación ás
necesidades curriculares do profesorado.
Infórmate en escola@numax.org

NUMAX

Concepción Arenal, 9 baixo
Santiago de Compostela
www.numax.org

   Síguenos en @numaxcoop


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocinio de

AAAAAAA Agencia
GGGGGG Gráfica